



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A ORGANIZACIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN DE PERSOAL INTERINO PARA O DESEMPEÑO DE POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL

REUNIDOS

Dunha parte, **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, **Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, e pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **convenio de colaboración**, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Dirección Xeral de Administración Local (en diante DXAL) é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración local e, en particular, a quen lle corresponde a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local e a execución das competencias que, con respecto aos/as funcionarios/as con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás comunidades autónomas a competencia para levar a cabo os nomeamentos de persoal interino naqueles postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Para o exercicio desta competencia é de aplicación, no caso de Galicia, o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal que, seguindo o marcado



pola Constitución española, recolle a obriga de que a selección deste persoal se efectúe respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, en consonancia co disposto no Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Segundo.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión. Nomeadamente, correspóndelle a este organismo organizar e impartir cursos selectivos de formación subseguinte ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.

Terceiro.- Que no *Diario Oficial de Galicia* núm. 229, do 1 de decembro de 2017, publicouse a Orde da entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Na exposición de motivos da dita orde, sinalase, entre outras, que ante o incremento do número de prazas vacantes en postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional que se está a producir na actualidade nos concellos de Galicia, resulta necesario crear, na mesma liña da normativa comparada doutras comunidades autónomas e dentro do respecto á autonomía local, unhas bolsas de persoal interino.

Así mesmo, establécese que a convocatoria e xestión destas bolsas correspóndelle á DXAL, se ben determínase como un dos requisitos que deben cumprir as persoas que aspiren a ser incluídas nas ditas bolsas, o de realizar un curso de formación práctica, baixo a modalidade de teleformación, que será organizado pola EGAP, sobre os contidos do temario que para cada escala e subescala se relacionan no anexo da referida orde.

Cuarto.- Que o antedito curso non pode ser encadrado no Plan de Formación da EGAP posto que este contén actividades formativas destinadas ao persoal empregado público das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, mentres que as persoas destinatarias da formación á que se refire a citada orde non teñen esa consideración, senón que a recibirán como paso previo e imprescindible para poder adquirila.



Quinto.- Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose todas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Colaborar na organización dun curso de formación práctica (en diante CFP) que consta dos módulos descritos no anexo deste convenio e que será realizado polas persoas integrantes das listas definitivas das bolsas para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional nas subescalas de secretaría-intervención; secretaría, categoría de entrada; e intervención-tesourería, categoría de entrada.

Segunda.- Dereitos e obrigas

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da DXAL e a EGAP, para a organización e a convocatoria do CFP, adquiren o compromiso de colaborar na súa organización e desenvolvemento, de acordo co sinalado na cláusula terceira.

Terceira.- Actuacións

1. As actuacións que levará a cabo a DXAL son as seguintes:
 - a Financiar as actividades do CFP mediante a achega das cantidades sinaladas na cláusula quinta deste convenio.
 - b A selección previa das persoas que realizarán o CFP e da publicación no DOG da relación das ditas persoas, o que incluírá a súa convocatoria para a realización do curso, segundo o sinalado pola Orde da entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 30 de novembro de 2017.
2. As actuacións que levará a cabo a EGAP son as seguintes:



- a Nomear ás persoas que se encargarán de titorizar e xestionar o curso.
- b Xestionar o proceso de matrícula no curso das persoas previamente seleccionadas e convocadas pola DXAL.
- c Por a disposición a súa plataforma informática para o desenvolvemento do curso.
- d Expedir o certificado de aptitude do alumnado que supere o curso.
- e Avaliar o CFP mediante o cuestionario de satisfacción que porá a disposición do alumnado ao remate da acción formativa.
- f Enviar á DXAL a relación das persoas declaradas aptas así como o resultado global das enquisas de satisfacción deste realizadas polas persoas participantes.
- g Xestionar o gasto e os pagos que orixine o curso.

Cuarta.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Forman parte desta comisión as seguintes persoas:

- Por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e a persoa titular da xefatura de servizo deste organismo que designe a dirección, ou persoas en quen deleguen.
- Por parte da DXAL, dúas persoas representantes, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión Mixta de Seguimento:

1. Velar polo cumprimento do convenio.
2. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe ao órgano de vixilancia e control.





Quinta.- Orzamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio a EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e dos seus medios persoais e materiais.

A DXAL colaborará economicamente coa achega dun importe de SETE MIL NOVECIENTOS CINCUENTA EUROS (7.950,00 €), que será obxecto de retención de crédito para a súa posterior baixa nas aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

Aplicacións	Importe
35.04.141A.213	4.600,00
35.04.141A.215	1.675,00
35.04.141A.216	1.675,00
TOTAL	7.950,00

Estas retencións de transferencia de crédito, financiarán a ampliación de crédito nos orzamentos da EGAP no concepto orzamentario 07 81 122B 226.17, aparellada á modificación orzamentaria na Consellería de Facenda e Administración Pública, por ser a sección á que está vinculada a EGAP.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a DXAL ou a EGAP.

Sétima.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio son titularidade conxunta da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da DXAL e a EGAP.

Cada parte necesita a autorización expresa da outra para editar, representar, gravar e reproducir audiovisual, informaticamente, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, o resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.



Oitava.- Modificación, denuncia e resolución do Convenio

As partes poderán modificar a través dunha addenda ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, en calquera momento e por algunha das causas legalmente previstas, poderán poñerlle fin por vontade expresa de calquera das partes sempre que medie un aviso previo de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

Novena.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Este convenio está excluído da lexislación en materia de contratos do sector público, sen prexuízo de que sexan aplicables os seus principios para a resolución de posibles dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte ao establecido no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto), en especial, no que se refire á publicidade deste convenio.

No caso de conflitos estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Sen prexuízo disto, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, que non poidan ser resoltas no eido da Comisión Mixta de Seguimento, serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

Décima.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia



Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste convenio consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

Por outra banda, no marco do desenvolvemento das actividades de formación, divulgación e investigación obxecto do convenio de colaboración, as partes someteranse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo primeira.- Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2024, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e subscríbese como proba de conformidade na data indicada na sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

A directora da Escola Galega de
Administración Pública,

Sonia Rodríguez-Campos González



ANEXO

1º. CURSO

Denominación: Curso subescala de secretaría, categoría de entrada

Módulo	Horas (50)	Prazas
Distribución de competencias entre os órganos das entidades locais. Funcionamento e réxime xurídico dos órganos colexiados das entidades locais: xunta de goberno local, Pleno, comisións informativas. Os decretos de alcaldía. As certificacións dos acordos e as actas. Acceso a expedientes.	10	50
A lei de contratos do sector público: os procedementos de contratación e a súa aplicación nas entidades locais.	10	
A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o seu regulamento aprobado mediante o Decreto 143/2016, do 22 de setembro. Especial referencia á concesión de licenzas, ás comunicacións previas e á disciplina urbanística nas entidades locais.	10	
Réxime xurídico das subvencións nas entidades locais.	5	
As contratacións en materia de persoal.	5	
A responsabilidade patrimonial nas entidades locais.	5	
Elaboración de ordenanzas e regulamentos. A lei de transparencia.	5	





2º.- CURSO

Denominación: Curso subescala de intervención-tesourería, categoría de entrada

Módulo	Horas (50)	Prazas
Elaboración de orzamentos. A Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos nas entidades locais e a súa aplicación práctica.	10	50
Liquidación e Conta Xeral e os informes preceptivos. Informes de regra do gasto e estabilidade orzamentaria. As obrigas de subministro de información previstas na Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro.	10	
Fiscalización das fases dos procedementos de contratación nas entidades locais	10	
Fiscalización das subvencións nas entidades locais.	5	
Fiscalización en materia de persoal nas entidades locais: nóminas, contratos.	5	
A recadación en período voluntario e executivo nas entidades locais.	10	



3º. CURSO

Denominación: Curso subescala de secretaría-intervención

Módulo	Horas (50)	Prazas
Distribución de competencias entre os órganos das entidades locais. Funcionamento e réxime xurídico dos órganos colexiados das entidades locais: xunta de goberno local, Pleno, comisións informativas. Os decretos de alcaldía. As certificacións dos acordos e as actas. Acceso a expedientes. Elaboración de ordenanzas e regulamentos. A lei de transparencia.	10	50
A lei de contratos do sector público: os procedementos de contratación e a súa aplicación nas entidades locais. Fiscalización das fases dos procedementos de contratación nas entidades locais.	10	
A lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o seu regulamento aprobado mediante o Decreto 143/2016, do 22 de setembro. Especial referencia á concesión de licenzas, ás comunicacións previas e á disciplina urbanística nas entidades locais.	10	
Réxime xurídico das subvencións nas entidades locais. Fiscalización das subvencións nas entidades locais.	5	
As contratacións en materia de persoal. Fiscalización en materia de persoal nas entidades locais: nóminas, contratos.	2,5	
A responsabilidade patrimonial nas entidades locais.	2,5	
Elaboración de orzamentos. A Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos nas entidades locais e a súa aplicación práctica. Liquidación e Conta Xeral e os informes preceptivos. Informes de regra do gasto e estabilidade orzamentaria. As obrigas de subministro de información previstas na Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro. A recadación en período voluntario e executivo nas entidades locais.	10	

